<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<p>B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.</p>	<p>B3.4. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.</p> <p>B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<p>B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.</p>	<p>B3.5. Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.</p>	<p>30%</p>	<p>30%</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<p>B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.</p>	<p>B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.</p>	<p>30%</p>			



<ul style="list-style-type: none">▪ e▪ f▪ g	B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.	B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CAA	B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	30%			
<ul style="list-style-type: none">▪ e▪ f▪ g	B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.	B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CAA	B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	30%			
<ul style="list-style-type: none">▪ e▪ f▪ g	B3.10. Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CAA	B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia. B3.10.2..Utiliza un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	30%	10%		



<ul style="list-style-type: none"> d e g h m n 	<p>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.</p>	<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>B5.3.1. Le expresiva, comprensiva narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX</p>	30%	10%		
<ul style="list-style-type: none"> a g h m 	<p>B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</p>	<p>B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<p>B5.6.1. Crea ou recrea textos partindo das características dos traballados na aula.</p> <p>B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.</p>	30%			

4 ESA		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro			Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos	
							Proba escrita	Traballos na clase Tarefas na casa



<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h 	<p>B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza diversa (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).</p>	<p>B1.2. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.</p> <p>B1.2.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.</p>	<p>30%</p>	<p>30%</p>	<p>50%</p>	<p>50%</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • h 	<p>B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.</p>	<p>B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B1.5. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • h • o 	<p>B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.</p>	<p>B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCA • CSIEE 	<p>B.1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.</p>	<p>30%</p>			



<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<p>B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.</p>	<p>B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<p>B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.</p>	<p>B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h • d 	<p>B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.</p>	<p>B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD 	<p>B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.</p>	<p>30%</p>			



<ul style="list-style-type: none">• b• f• h	<p>B2.7. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).</p>	<p>B2.7. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).</p>	<ul style="list-style-type: none">• CCL	<p>B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).</p> <p>B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía tetual e do acto comunicativo.</p> <p>B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none">• d• h	<p>B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.</p>	<p>B2.10. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.</p>	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CSC• CCEC	<p>B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.</p>	<p>30%</p>			



<ul style="list-style-type: none"> • b • e • l 	<p>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.</p>	<p>B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • i 	<p>B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.</p>	<p>B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.</p>	<p>30%</p>	<p>15%</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • e 	<p>B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).</p>	<p>B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao /n/ velar.</p>	<p>30%</p>		<p>30%</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • b • e 	<p>B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá</p>	<p>B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.</p>	<p>30%</p>			



<ul style="list-style-type: none"> e 	<p>B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.</p>	<p>B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<p>B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.</p> <p>B3.8.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<p>B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.</p>	<p>B3.9. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ñ o 	<p>B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.</p>	<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<p>B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.</p>	<p>30%</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ñ o 	<p>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</p>	<p>B4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.</p>	<p>30%</p>	<p>5%</p>		



• h • j	B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	• CCL	B5.2.1. Le autonomamente obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	30%			
• h • j	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	• CCL	B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	30%	20%		



<ul style="list-style-type: none">• h• l• n	<p>B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<p>B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CCEC	<p>B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</p> <p>B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.</p>	<p>30%</p>			
---	--	---	--	--	------------	--	--	--

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta PD elaborouse dende unha perspectiva inclusiva, atendendo á diversidade. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual coma en equipo para un desenvolvemento competencial. Aínda se proporcionará un enfoque interdisciplinar, contribuíndo, neste caso, ao Plan Proxecta: Por 365 días de respecto e igualdade. Promoverase o Plan Lector, o Plan TIC e o Plan de Convivencia. Deste xeito, traballarase a prol dunha aprendizaxe integral.

Xa que logo, hanse empregar as estratexias metodolóxicas que favorezan unha aula activa, sempre flexibles en función das necesidades do alumnado.

ATENDER Á DIVERSIDADE: A atención á diversidade e o respecto dos ritmos e estilos de aprendizaxe favorecen o pensamento diverxente no profesorado e no alumnado, así como a creatividade, a continua reflexión e formación para antepor sempre as necesidades do alumnado, todas as actividades procurarán atender á diversidade da aula.

MOTIVAR: Segundo Carl Honoré “a primeira misión dunha escola é infundir a paixón pola aprendizaxe”, así xerárase curiosidade para fomentar interese pola adquisición de coñecementos.

TRABALLO EN EQUIPO: A aprendizaxe en equipo favorece a integración dos estudantes, todo o alumnado achega ao grupo as súas habilidades e coñecementos. Procurarase unha participación equitativa de todo o alumnado integrante do grupo, así como un ambiente de cooperación mediante actividades en pequeno grupo e actividades en gran grupo.

TRABALLAR INDIVIDUALMENTE: Tamén haberá espazo para as actividades individuais, que á súa vez son precisas para poder traballar en grupo. A profesora debe estar presente para favorecer unha aprendizaxe baseada na responsabilidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos, ESA
Aula virtual
Aula de informática
Biblioteca

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha observación inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación:

Probas escritas 50% da nota

En cada curso faranse dúas probas escritas nas que se medirán os contidos conceptuais e procedementais.

Taboa de indicadores 50% da nota

Ralízanse exposicións orais, traballos escritos e exposicións de literatura, así como tarefas na aula virtual.

Criterios de recuperación:

Ao longo de cada unidade didáctica realizaranse actividades de recuperación para o alumnado que non acadou o grao mínimo de consecución. Así e todo, ao finalizar cada curso, a xefatura de estudos marca unhas datas de exames oficiais, a ditos exames tamén poderá presentarse o alumnado que non teña a materia superada.

Ademais, celebrarase unha convocatoria extraordinaria para recuperar a materia, tamén con datas fixadas pola Xefatura de Estudos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se o alumnado pasa para o curso par coa materia pendente do curso impar, no mes de maio (con data fixada pola Xefatura de Estudos), realizarase unha proba para recuperar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º cuatr	2º t
Saída ao teatro	Saída ao teatro para ver a representación da obra O Porco de pé de Vicente Risco	X	
Plan Proxecta: Por 365 días de respecto e igualdade	Charlas, obras de teatro e outras actividades enmarcadas do plan.	X	X
Presentación libro: El precio de dos vidas	O autor visita o centro para presentar o seu libro ao alumnado da ESA		X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.